

O ENSINO DA LINGUA GALEGA NA LICENCIATURA DE TRADUCCIÓN

Xosé M^a Gómez Clemente
Universidade de Vigo

Os estudos de Traducción e Interpretación na Universidade de Vigo iniciaron a súa andaina en 1992. Esta licenciatura naceu co obxectivo, entre outros, de formar tradutores que desenvolvesen un labor normalizador da lingua e da cultura de Galicia. Para isto, o galego entrou no plano de estudos da carreira, xunto co castelán, como lingua de chegada, é dicir, a lingua á que se traduce. A presenza da materia "lingua galega" no plano de estudos redúcese ós dous primeiros anos¹ da licenciatura e vese complementada coa existencia das materias de traducción directa, inglés-galego, francés-galego, e coas traducións inversas, galego-inglés, galego-francés, etc.

Aínda que no plano de estudos se dá un tratamento idéntico á lingua galega e a lingua española, na práctica non se conseguiu que os alumnos que teñen como lingua materna o galego tivesen o resto da súa docencia no seu propio idioma. Isto, que non deixa de se-lo reflexo dunha sociedade que non valora suficientemente a súa lingua, pode causar algún tipo de desarranxo na formación de tradutores ó galego. Se o noso idioma non se converte nunha lingua normal na Universidade, os efectos negativos de tal desleixo seguirán notándose no futuro.

2. Lingua e sociedade en Galicia

2.1. Galicia sociedade bilingüe en camiño do monolingüismo

A materia de lingua galega ensínase a alumnos que forman parte dunha sociedade complexa dende o punto de vista lingüístico. A presenza de dúas

1. O número de horas lectivas asignadas á aprendizaxe da lingua materna, galego ou español, (4 horas semanais en 1 curso e 3 horas semanais en 2) revelou-se como insuficiente para poder garantir que os alumnos consigan un dominio alto da competencia e do uso na súa propia lingua.

linguas en contacto en Galicia determina dalgunha maneira a orientación docente da lingua por varias razóns:

1. O español defínese como lingua de prestixio fronte ó galego. O labor docente do profesor universitario debe encamiñarse a prestixia-la lingua perante o alumnado.

2. A interferencia lingüística entre dous códigos tan semellantes afecta directamente á competencia dos estudantes. Débese, polo tanto, facer finca-pé na eliminación deste problema.

3. Dependendo do estrato social ou do lugar de residencia de cada alumno, hábitat rural ou urbano, poderanse apreciar distintos niveis de dominio do código galego que, obviamente, condicionan o desenvolvemento dos programas de estudio.

Para precisa-la situación na que se desenvolve o ensino da lingua galega, cómpre facer unha pequena reflexión sobre a situación lingüística de Galicia. Na nosa sociedade conviven, ás veces dificilmente, dúas linguas moi semellantes estruturalmente. Este feito ten consecuencias de todo tipo: por unha parte, e isto é positivo, a aprendizaxe dunha polos falantes da outra é doado, pero, asemade, e isto é claramente negativo, ámbalas linguas son moi febles á hora de manterse illadas a unha da outra.

Mais esa aprendizaxe doada, que podería servir para polo menos mante-lo equilibrio entre as dúas linguas, só se manifestou masivamente nunha dirección que levou á rápida extensión do castelán entre os falantes de lingua materna galego. Isto foi así, e non da maneira contraria (expansión do galego), porque, como todo o mundo sabe, houbo e hai unha grande presenza do castelán (prensa, radio, televisión, escola) asociada sempre a situacións de prestixio. Esta expansión, en Galicia, leva asociado un proceso de substitución lingüística.

É ben certo que hoxe o galego recuperou moitas das funcións sociais de prestixio que tivera na Idade Media, pero este proceso de normalización non semella abondar para frear aqueloutro proceso de substitución lingüística, a favor do castelán. Unha das razóns, entre moitas, para esa perda continua de galegofalantes é a desaparición vertixinosa da sociedade tradicional en que se refuxiou o galego a partir do século XVI. Se conxugámo-los datos demográficos dos últimos anos cos lingüísticos, apreciarase que as cidades se van enchendo de habitantes do medio rural, e son estes habitantes os que deixan de transmiti-lo galego como lingua familiar. As zonas xeográficas onde se dá unha maior porcentaxe de uso da nosa lingua (en xeral as zonas rurais non costeiras) estanse a converter en auténticos desertos demográficos.

Pero polo de agora, as dúas linguas están vivas e podemos comprobar que en Galicia se falan catro variedades lingüísticas: 1. galego estándar. 2. galego dialectal. 3. castelán estándar. 4. castelán rexional. Ata hai ben poucos anos, non existiu unha variedade estandarizada do galego e as distintas variedades dialectais eran faladas pola maioría da poboación. Unha minoría

de falantes, pertencentes ás clases máis acomodadas, utilizaban as variedades estándar e rexional do castelán. Esta situación totalmente anómala, pois non existía unha variedade prestixiada para o galego, non causou máis problemas dos que causou, pois as dúas linguas tiñan reservado o seu propio espacio xeográfico: zonas rurais galego, zonas urbanas e semiurbanas castelán (só nas clases acomodadas). Co paso do tempo definiuse a variedade codificada estándar do galego e comezou a planificación do seu *status* dentro da sociedade galega. Este proceso normalizador, que parecía que ía poñer couro á supremacía do castelán e polo tanto a soliciona-lo conflicto entre as dúas linguas do noso país, coincide, paradoxalmente, coa extensión das variedades do castelán que agora son utilizadas por unha parte máis que significativa da poboación, sen distinción xeográfica ou social. Desta maneira, as evidentes consecuencias normalizadoras da chegada do galego a contextos asociados ó prestixio necesario para converter unha lingua en nacional, vense contrarrestadas pola progresiva diminución da transmisión da lingua no ámbito familiar, nefasta consecuencia do desprazamento da poboación rural cara ós núcleos urbanos e semiurbanos e do mantemento de actitudes negativas cara á lingua propia, produto dun bilingüismo de substracción.

O equilibrio na distribución social das catro variedades lingüísticas faladas en Galicia é cada vez máis inestable. Mentres dunha maneira máis ou menos efectiva se van estendendo as competencias orais e escritas en galego na poboación nova e escolarizada, para formar bilingües productivos, faltan modelos sociais efectivos (na política, na cultura de masas, na empresa privada), e dende logo unha planificación lingüística sería, sobre todo no que atinxe á expansión do uso, que fagan que esas competencias se correspondan a unha lingua plenamente normalizada, é dicir usada pola poboación en tódolos ámbitos.

Unido ó problema xeral de falta de modelos que lle dean prestixio á lingua, aparece o feito de que mesmo algún dos existentes crea un bilingüismo subordinado, é dicir, fai que os padróns fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos do galego se subordinen ós do castelán². Isto deteriora aínda máis a situación xeral do galego, porque fronte ás variedades dialectais, máis ou menos influenciadas polo castelán, estase usando o estándar dunha maneira que, baixo o aspecto de lingua normativizada, agacha o xermolo da substitución lingüística.

2.2. O alumnado da licenciatura de Traducción

Esta sociedade conflictiva é na que viven os futuros tradutores, que tamén van exercer como normalizadores culturais que han achega-lo seu esforzo para que a situación anteriormente descrita cambie.

2. Véxase U. Weinrich, *Languages in contact*, Mouton, The Haugen, 1963, pp. 9-11.

O alumnado que chega á licenciatura de Tradución de Vigo provén case no cento por cento de Galicia e, coma o resto dos falantes, teñen distintos graos de competencia en lingua galega. Para describila, debemos utilizar tanto o concepto de lingua nai³ coma o de lingua preferida. En liñas xerais, o alumnado forma un grupo heteroxéneo, respecto do dominio do galego, definido pola seguinte constatación: a meirande parte deles teñen o español como lingua nai ou como lingua preferida⁴, mentres que son minoría os que teñen o galego.

En liñas xerais podemos describi-lo alumnado, segundo a súa lingua en tres grupos:

1. *Alumnos monolingües en castelán*. Xente doutras partes do Estado que accede ós estudos de tradución en Galicia. Falan, en liñas xerais, o castelán estándar e non presentan especiais problemas polo seu alto grao de motivación. O dominio da competencia oral pasiva éelles moi doado de conseguir, á medida que se van mergullando na lingua, e as outras tres competencias (oral activa e escrita pasiva e activa) poden conseguilas se manteñen o nivel de motivación.

2. *Alumnos bilingües con lingua materna, ou primeira lingua, español*. Son falantes da variedade estándar do castelán, influenciada pola variedade rexional, e capaces de expresarse, con interferencias (sobre todo na fonética e no léxico), ou non, dependendo da aprendizaxe escolar, na variedade estándar do galego. Neste grupo son minoría os que teñen como "lingua preferida" o galego. A súa procedencia é maioritariamente urbana ou semiurbana. Teñen distintos graos de dominio das competencias orais e escritas en galego, segundo fose a súa aprendizaxe ou a frecuencia de uso.

3. *Alumnos bilingües con lingua materna, ou primeira lingua, galego*. Dominan a variedade dialectal propia e a estándar, con interferencias, ou non, dependendo da aprendizaxe escolar. Normalmente utilizan a variedade rexional do castelán. Neste grupo é bastante normal que haxa unha porcentaxe bastante alta de falantes que teñen o castelán como "lingua preferida", feito motivado por unha serie de circunstancias extralingüísticas (cambio de lugar de habitación, sentimento de maior seguridade ó escribiren o castelán debido a unha escolarización case ó cento por cento monolingüe nese idioma, etc).

Con estes tres grupos deberían utilizarse métodos de aprendizaxe distintos, pero na práctica trabállase sen ter en conta a lingua materna do alumno e déixase á motivación e ó esforzo persoal alcanza-lo nivel esixido ó final de curso. Este nivel, que esixe un bo dominio dos aspectos gramaticais e

3. Aínda que sexa un concepto ás veces confuso e pouco descritivo, a lingua "nai" é a que os falantes primeiro aprenden e que, polo tanto, en teoría, mellor dominan.

4. É a lingua preferida para a comunicación, de acordo coa historia persoal do falante e en liña coa autoavaliación da fluidez relativa nela.

comunicativos da lingua, é ás veces difícil de conseguir. Isto pode explicarse, obviamente, por desleixo dos alumnos, ou por incompetencia do profesor, pero tamén por factores alleos á docencia. Todo o mundo sabe que para dominar unha lingua hai que utilízala, e isto, que parece tan evidente, pode converterse nun verdadeiro problema no caso do galego. Un alumno de Traducción e Interpretación pode atoparse mergullado nun grande número de situacións onde o galego non ten ningunha presenza, por exemplo: tódalas materias, agás a Lingua Galega e as traducións ó galego, ensínanse na carreira en castelán; só hai un xornal escrito integramente en galego; fronte a 5 canles de televisión en castelán hai 1 en galego; non se dispón dunha bibliografía suficiente sobre temas específicos e xerais da licenciatura en galego; unido a todo isto a situación sociolingüística da cidade de Vigo, onde a meirande parte dos alumnos viven durante o período académico, tampouco é a idónea para motiva-lo desenvolvemento, por exemplo, das competencias orais e comunicativas, esenciais para unha aprendizaxe integral da lingua. Con este panorama, poderíase dicir que desolador, o esforzo que teñen que face-los alumnos para estar en contacto continuo co galego é enorme, e moitos deles quizais non se sintan especialmente motivados para facelo, aínda que saiban que non se pode ser bo traductor se non se dominan as catro competencias lingüísticas sen interferencias inconscientes.

2.2. A actividade traductora nunha sociedade bilingüe, realizada por individuos bilingües

O traductor é un especialista en transmisión transcultural, na comunicación que penetra fronteiras culturais e lingüísticas entre persoas e países diferentes. Para cumprir esta función, ten que estar versado tanto na lingua e cultura de partida coma na de chegada, aínda que a formación debe centrarse especialmente na lingua á que se traduce, porque a mellor traducción é a que emprega as formas idiomáticas características e naturais da lingua receptora; a que lle comunica ó falante nativo da lingua receptora o mesmo significado que entenden os falantes nativos da lingua orixinal e a que mantén a dinámica do texto orixinal para producir no receptor o mesmo efecto ca no emisor. Vázquez Ayora exprésase no mesmo sentido ó afirmar que “el grado de pertinencia de las equivalencias (LT) que el traductor procura encontrar para una expresión dada (LO) será proporcional a su ‘competencia subyacente’ (segundo a definiu Chomsky), es decir al conocimiento íntimo e intuitivo de la ‘lengua materna’”⁵.

Esta competencia lingüística vese alterada no caso de Galicia, e dos tradutores galegos, pola presenza doutra lingua con caracteres que tenden á

5. Vázquez Ayora, G., *Introducción a la traductología*, Georgetown University School of Languages and Linguistics, Washington, 1987, p. 43.

dominancia. Este fenómeno chámase “interferencia lingüística”⁶ e en Galicia faise especialmente evidente pola situación de prestixio que ten, aínda, o castelán como lingua asociada a funcións catalogadas como superiores. Esta situación de bilingüismo conflictivo non fai máis ca empece-lo labor do traductor e favorece-la creación de textos cheos de erros e pouco idiomáticos. Por isto, non se deben aferrar esforzos para afianzar, utilizando conceptos de Chomsky, a competencia (o coñecemento que unha persoa ten da súa lingua) e a actuación (o uso real da lingua en situacións concretas) dos futuros tradutores. Se é difícil falar de bilingüismo estricto no caso dun falante, é imposible facelo no caso dun traductor porque, ó ser incapaz de liberarse totalmente das interferencias que produce unha situación de contacto de linguas, tampouco poderá chegar a domina-las técnicas de traducción e a evita-los calcos léxicos e estruturais⁷.

Os tradutores á lingua galega han ter que formarse sobre os alicerces dunha boa competencia e actuación, para axudar a que tódolos textos que se xeran, tanto dentro coma fóra de Galicia, no contexto dunha sociedade moderna (comerciais, administrativos, xurídicos, culturais, etc) teñan unha materialización lingüística en galego. E aínda máis, atreveríame a dicir que o último obxectivo dos tradutores ó galego na sociedade galega actual, chea de esperanzas e tamén de confusión con respecto ó porvir da nosa lingua, é o de contribuír a crea-la imaxe, quizais agora aínda esvaída, dun país que respecta a súa tradición cultural e que camiña cara ó futuro con espírito de modernización sen renuncia do propio. Desta imaxe, deste modelo prestixiado de “planificación da conciencia do país”, ó que achegan o seu esforzo os tradutores, depende, dende logo, a supervivencia da nosa lingua.

3. Contidos da materia Lingua Galega

Antes de falar dos contidos específicos que coido deben entrar na materia de Lingua Galega, no primeiro e no segundo ano da licenciatura de Traducción, quero facer fincapé, de novo, nunha das consecuencias do contacto de linguas en Galicia: as interferencias mutuas entre os dous códigos lingüísticos⁸. O traductor, como di G. Mounin, loita conscientemente contra as desviacións da norma lingüística, e de aí que teña que ter un dominio amplo e seguro desa norma, sobre todo cando, como acontece en Galicia, a integridade da lingua galega está ameazada especialmente por non te-lo mesmo pres-

6. Quizais o tratamento máis completo sobre este problema estea na obra citada de U. Weinrich.

7. Véxase Vázquez Ayora, op. cit., p. 46.

8. Georges Mounin, *Los problemas teóricos de la traducción*, Madrid, Gredos, 1971. pp 17-32.

tixio có castelán. Pero tamén, e como di, Martinet, ese mesmo traductor non pode escapar ó feito comprobable de que “o problema lingüístico fundamental que se presenta, con relación ó bilingüismo é saber ata que punto dúas estruturas en contacto poden ser mantidas intactas e en que medida influirán unhas sobre outras. Podemos dicir que, por regra xeral, hai certa cantidade de influencias recíprocas e que a separación neta é a excepción”⁹. Por iso, hai que aprenderlles ós alumnos a saber convivir con esta situación e a tirar proveito dela. Este proveito está no uso, consciente e planificado para determinados fins, das interferencias que se producen no estándar codificado tanto por parte das variedades dialectais e sociais do galego coma por parte do castelán.

O anterior define unha serie de obxectivos que o alumno que segue os cursos de Lingua Galega durante dous anos ten que conseguir e que deberían especificarse nos programas da devandita materia. Primeiro débese chegar a un dominio o máis completo posible das distintas variedades do galego (estándar, dialectais, e sociais), partindo do coñecemento exhaustivo da primeira. Xunto a isto habería que insistir no desenvolvemento das competencias comunicativas e no coñecemento da cultura autóctona de Galicia que, nos últimos vinte anos, sufriu unha serie de fondos cambios. Tampouco se debe esquecer que é necesario formar bos redactores en lingua galega; para isto son esenciais unhas nocións de lingüística textual xunto coa práctica continua da creación de textos propios. O plano así concibido é ambicioso, sobre todo se temos en conta que as horas lectivas son poucas para conseguiren os alumnos o dominio de todo o que acabo de mencionar. Quizais un cambio do plano de estudos, no sentido de aumenta-las horas e os cursos de Lingua Galega, podería axudar a completar esta formación integral.

3.1. Aprendizaxe da variedade estándar

As funcións que cumpre a variedade estándar dunha lingua poden resumirse en tres: 1. Servir como variedade común para tódolos falantes dunha lingua na súa propia comunidade, utilizable no ensino, na administración e na cultura. 2. Recibir no seu seo os procesos de modernización necesarios para que a lingua se manteña ó longo do tempo. 3. Protexe-la comunidade das agresións dunha lingua esóxena, sobre todo cando se fala na mesma comunidade e é moi semellante dende un punto de vista estrutural.

O estándar é, dende logo, a variedade da lingua que con máis frecuencia o traductor vai utilizar no seu traballo diario, e por iso é necesario que os profesionais da tradución consigan un dominio alto das competencias orais e escritas (coa creación e análise de textos) nesta variedade, se queren cumprir-los obxectivos do seu labor.

9. A. Martinet, *Diffusion of Language*, p. 7.

O proceso de selección das variedades que conforman o estándar galego comezou hai xa tempo e foi realizado principalmente polo ILGA, coa recollida sistemática de datos sobre o galego falado e a tradición escrita antiga e moderna da nosa lingua. A variedade supradialectal está codificada nos aspectos gráficos e gramaticais (*Normas* de 1982, *Gramática da lingua galega*, descritiva, de R. Alvarez e outros de 1986) e en grande medida nos léxicos, coa aparición de dicionarios baseados nun Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (documento de traballo do ILGA), coa aparición dun *Diccionario da Lingua Galega* (RAG-ILG, 1990) e en espera dun grande dicionario, en fase de elaboración no Seminario de Lexicografía do ILGA. Queda aínda un longo camiño que andar no estudio da Terminoloxía (hai xa algúns vocabularios especializados, publicados pola Xunta de Galicia), disciplina que é imprescindible para a formación dos tradutores, e quizais un camiño aínda máis longo no tratamento dos aspectos estilísticos do galego.

Do éxito destes traballos, e da súa posterior difusión, depende o prestixio cultural do noso idioma. O falante debe sentirse seguro de que está manexando unha variedade ben codificada e cultivada, que lle permita usar a súa lingua sen ter que recorrer a outra en ámbitos oficiais, literarios, relixiosos, educativos, de investigación, etc.

3.1.1. Problemas no ensino e aprendizaxe do estándar

Os problemas que se atopan cando se ensina esta variedade do galego son en primeiro lugar aqueles que se derivan da súa curta existencia. Nótase aínda unha certa falta de definición na codificación do corpus, feito que levou á reforma de aspectos da *Normas* de 1982 (sobre todo na grafía e na morfoloxía) e á adopción de novas solucións léxicas que, ás veces, sorprenden ós usuarios. En segundo lugar, causan problemas as interferencias do castelán que se poden apreciar no dominio das competencias orais e escritas do alumnado. Son especialmente preocupantes as interferencias fónicas do castelán¹⁰, sobre todo nos alumnos que viven en zonas urbanas. As interferencias nos niveis morfolóxico e sintáctico, e quizabes tamén no léxico, son explicables por unha excesiva presenza do castelán na sociedade, e pola falta de mensaxes compensatorios en galego; tamén é responsable desta situación, ó meu entender, un erro no deseño do ensino da lingua no nivel primario e no nivel medio do sistema educativo, que potencia a aprendizaxe das habilidades ortográficas e gramaticais, pero non as comunicativas, facendo que o aprendido quede sen proxección no uso.

Calquera que sexa a razón da aparición de interferencias na variedade estándar, o que é evidente é que o tradutor non pode facer uso delas dun

10. O problema, ó meu ver, é tan grave que se non se corrixe isto, dende os primeiros momentos da aprendizaxe, estaremos creando unha xeración de falantes que usen unha lingua semellante ó galego, pero no fondo non galega.

modo inconsciente. Sen embargo, o seu uso consciente pode ter un certo interese para o traductor, especialmente se falamos de textos literarios, textos producidos para a dobraxe de películas, etc. Polo tanto, coido que as interferencias do castelán no galego deben ser tidas en conta, porque teñen implicacións funcionais á hora de tentar comunicar calidades expresivas que os falantes transmiten espontaneamente naquela lingua. Daquela, o ensino da nosa lingua debe estar orientado tamén a que os tradutores que se forman en galego coñezan os contidos expresivos que pode implica-lo uso doutros códigos nun determinado texto. Non se debe caer nun purismo estricto que elimine no galego tódalas pegadas do castelán, porque isto implica perda de riqueza expresiva nos textos onde aparecen.

3.2. Variedades dialectais

É evidente que non se pode ensinar na materia de Lingua Galega tódalas variantes dialectais do idioma, porque isto sería máis ben o contido dunha materia de Dialectoloxía nunha licenciatura en Filoloxía, pero coido que, respecto disto, habería que ter en conta dous feitos:

1. A riqueza dialectal do galego pode servir para caracterizar certas traducións (literarias e dobraxe) ou mesmo, no que atinxe ó nivel léxico, para encher algúns baleiros terminolóxicos puntuais.

2. Non se pode ensinar unicamente o estándar e descoida-la planificación das variedades dialectais. A aplicación, necesaria, do estándar artificial non pode agocha-los riscos dialectais dos falantes, porque son manifestación da lingua viva. É evidente que os alumnos galegofalantes, na súa maioría, se senten identificados coa súa propia fala e é esta fala a que lles vai permitir manterse como usuarios da lingua e estar así capacitados para traducir con fluidez.

3.3. Estratexias comunicativas

Para que os futuros tradutores, sobre todo aqueles que non usan o galego adoito, dominen a lingua, o ensino desta debe contemplar aspectos comunicativos que lles permitan facer un uso efectivo dela. Ata agora non se lle prestou moita importancia a este tema, debido á preferencia dun ensino de tipo filolóxico, e tampouco existía unha metodoloxía para aprende-lo galego con estes parámetros. A publicación do *Nivel Soleira*¹¹ da Lingua Galega proporciónanos unha metodoloxía moi interesante para o ensino da lingua viva. Nun primeiro momento, este método pódenos servir para resolve-los problemas do alumnado que non é galego, e que non ten ningún coñecemento do

11. Instituto da Lingua Galega (X. A. Fernández Salgado et alii.), *Nivel Soleira*, Santiago, Xunta de Galicia, 1992.

idioma. En pouco tempo pódese conseguir que teñan un nivel mínimo de competencia comunicativa na lingua que están aprendendo. Pero a aplicación dun enfoque comunicativo non queda reducida a esta parte do alumnado; pódese utilizar tamén cos alumnos galegos que non están afeitos a fala-la lingua e que se senten inseguros á hora de utilizala normalmente.

A aprendizaxe comunicativa da lingua confírmase como un elemento moi importante na formación de tradutores: se non se converte na lingua activa dos tradutores, o galego quedará definitivamente eivado como lingua de traballo.

3.4. Lingua e cultura

Quedan por comentar dous aspectos moi importantes para a formación de tradutores e para a traducción en si:

1. a relación entre a lingua e a cultura do país onde se fala;
2. a necesidade que ten un tradutor dunha formación cultural sólida¹².

1. Todo o mundo pode recoñecer ou intuír que as distintas civilizacións e culturas crean unha visión particular¹³ da realidade, da experiencia humana e do mundo en xeral. Polo tanto, cando se traduce non só se transvasan formas e significados lingüísticos, senón tamén aspectos culturais. Polo tanto, o que ten de especificidade cada cultura, e a súa posible expresión lingüística, revélase como indispensable no proceso de comunicación do pensamento humano e, por conseguinte, para a actividade tradutora¹⁴.

A relación entre lingua e cultura é un tema que provocou afervoadas discusións entre os lingüístas nos últimos anos. Os defensores deste vínculo lingua-cultura parten das teorías de Humboldt e dos neo-kantianos que propugnan a idea de que todo sistema lingüístico encerra unha análise do mundo interior que lle é propio e que se diferencia do doutras linguas ou doutras

12. En palabras de Vázquez Ayora: "[...] Lo que si existe es la seguridad en el traductor que conozca la lingüística y la "poética" de la traducción y posea la preparación y "documentación" necesarias, entendiéndose por estas últimas una amplia cultura general y algunos estudios sobre las especialidades que deba traducir. La profesión de traductor implica erudición. Sin una amplia cultura y formación non se puede traducir porque la traducción abarca todos los dominios". (op. cit., p. 150).

13. Isto non quita, dende logo, que haxa riscos comúns entre as culturas no que atinxe á visión do mundo, á estrutura das distintas linguas e ás gramáticas. Estes trazos comúns son os chamados "universais lingüísticos".

14. Cito de novo a Vázquez Ayora: "Siendo las diferencias de cosmovisiones la fuente de serios obstáculos en la traducción, es lógico que merecen el cuidado y la atención del traductor. Sólo podrán resolverse estos problemas por medio de la 'etnología', que en este caso no se entiende como descripción de razas sino de la historia cultural. No es suficiente conocer la lengua en su estructura sino también la "etnología" de la comunidad o pueblo que la habla. Precisamente hemos dicho que cada lengua tiene su 'genio', que consiste en un proceder particular y privativo que obedece en gran medida a sus predisposiciones culturales". (op. cit., p. 152).

etapas da mesma lingua. Nesta liña son ben coñecidos os postulados de Sapir¹⁵, Whorf¹⁶ e Martinet¹⁷ sobre a concepción da lingua como guía da realidade social. Se aceptámo-las opinións anteriores veremos que teñen implicacións para actividade tradutora.

Galicia ten unha lingua de seu e podemos preguntarnos ¿ten tamén unha cultura de seu? Nunha primeira análise dámonos conta de que a nosa sociedade, aínda que comparte padróns culturais básicos coas sociedades coas que está en contacto, foi capaz de xerar e conservar unha serie de riscos culturais que a individualizan, en teoría, como comunidade diferente. E digo en teoría porque, en realidade, eses riscos diferenciais non foron tidos en conta polo pobo galego para recoñecer, ou inventar, un país que se chama Galicia. Este posible desleixo como colectividade foise acentuando nos últimos anos e agora corre parello á desaparición vertixinosa da sociedade tradicional galega de cultura eminentemente rural. Dende hai uns 25 anos todo un mundo, que levaba centos de anos case completamente alleo ós cambios da civilización, foi perdendo a súa funcionalidade dentro da sociedade moderna e, o que é máis grave, foise deixando penetrar por elementos culturais alleos, non sempre negativos, sen saber conserva-la súa esencia; é dicir, perdeu a capacidade de adaptarse ás novas circunstancias.

A desaparición dunha cultura tradicional de base campesiña non é un fenómeno illado e pódese estudar en tódolos continentes ó longo da historia. O problema xorde cando a nova sociedade se constrúe sobre da base de padróns culturais alleos. Galicia necesita ir creando unha cultura aberta ás influencias positivas externas, pero debe garda-lo que a define e individualiza. Entre eses elementos está, sen ningunha dúbida, a lingua porque é o principal transmisor da identidade dun pobo.

15. E. Sapir, *Selected writings of E. Sapir in language, culture and personality*, Ed. D. Mandelbaun, Berkeley, Univ. of California Press, p. 162 (aínda que a cita é longa, merece a pena traducila): "A lingua é unha guía da realidade social. Aínda que se pense que a lingua non ten interese para os estudantes de Ciencias sociais, esta condición poderosamente a nosa opinión sobre os procesos e os problemas sociais. [...] Case é unha ilusión pensar que un se pode unir á realidade sen o uso da lingua, e que esa lingua é simplemente un medio para resolver problemas específicos de comunicación ou de reflexión. A verdadeira calidade do feito é que o mundo real se constrúe inconscientemente sobre os hábitos lingüísticos do grupo. Nunca dúas linguas son o suficientemente parecidas, para que se considere que representan a mesma realidade social. Os mundos en que estas sociedades viven son mundos distintos, non simplemente os mesmos mundos con distintas etiquetas pegadas".

16. *Language, thought and reality: selected writings of Benjamin Lee Whorf*, Ed. J. B. Carroll, New York, Willey. Cito da p. 50: "A lingua non é simplemente un instrumento de reprodución das ideas senón que ela mesma é a moldeadora das ideas, o programa e guía da actividade mental individual".

17. Martinet, A., *Elements de linguistique générale*, París, Colin, 1970. "A cada lingua correspóndelle unha organización particular dos datos da experiencia. Unha lingua é un instrumento de comunicación segundo o cal a experiencia humana se analiza diferentemente en cada comunidade".

Nesta situación, da mesma maneira que semella que o cambio cultural leva ó cambio de lingua, o ensino desta quedou totalmente desvinculado do estudio do contexto cultural en que esa lingua se creou e desenvolveu, e que, ela mesma, en maior ou menor medida tamén axudou a crear. Unha das consecuencias desta maneira de ensina-la lingua é que se produzan textos con feitura galega, perfectos canto á corrección ortográfica, morfolóxica ou léxica, pero sen a idiomaticidade que caracteriza un texto creado por unha persoa mergullada no que son as constantes culturais da súa sociedade. En Galicia, coido eu, estamos formando bilingües que só teñen as referencias culturais da cultura castelá e, a través dela, dunha cultura de orixe anglosaxona. Bilinguismo non implica biculturalismo e por iso a persoa que aprende o galego non recibe automaticamente as claves culturais que son o seu alicerce. Se a idea do mundo que transmite a lingua galega non coincide nun cento por cento coa que transmite o castelán, esta visión cultural distintiva hai que llela aprender ós tradutores. Desta maneira, a súa especialización en lingua galega ten que pasar polo seu coñecemento fondo da nosa historia cultural e da nosa "actualidade" cultural, algo realmente complexo e difícil de sistematizar nestes momentos.

2. Tódolos teóricos da tradución insisten na necesidade dunha formación cultural sólida para ser un bo tradutor. As palabras de Vázquez Ayora¹⁸, neste sentido, son ben explícitas: "Es una verdad poco conocida por los que no son especialistas del ramo que el traductor tiene que mantenerse informado en todo cuanto le sea posible, y que esta información es permanente, sobre todo en temas de actualidad, los acontecimientos mundiales de todo género. La experiencia nos ha enseñado que en una multitud de casos las decisiones del traductor están en relación directa con su madurez cultural y con las informaciones que asimila diariamente".

A formación da que fala Vázquez Ayora non é algo que se consiga no período dunha licenciatura. O papel da Universidade límitase a poñelos estes sobre os que se debe construír unha sólida cultura para traducir. Por iso, non se debe desaproveitar ningunha oportunidade para introducir nas aulas de lingua materna a reflexión sobre a actualidade cultural, social, económica e política do país e do mundo. O problema para nós reside na pouca dispoñibilidade de documentación redactada en galego.

E xa remato. Tódolos puntos que fun comentando neste escrito configuran un programa, quizais ambicioso, para formar verdadeiros tradutores ó galego. A función cultural, en sentido amplo, que realizan convérteos en obxectivos importantes para un ensino completo da nosa lingua.

18. Vázquez-Ayora, G., op. cit., p. 388.